



Teaching Guide

Identifying Data				
			2024/25	
Subject (*)	Inclusive Education: Assessing Reading Ability in Deaf People	Code	652498050	
Study programme	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2015)			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Psicoloxía			
Coordinador		E-mail		
Lecturers		E-mail		
Web				
General description	Esta materia analiza desde unha perspectiva teórica e práctica as particularidades do proceso lector nas persoas con xordeira. A docencia é compartida entre as universidades participantes no mestrado.			

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A3	Os alumnos/as saberán realizar a avaliación das dificultades de lectura e de trastornos específicos da linguaxe escrita.
B3	Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C1	Poseer y comprender conocimientos que aporten una base u oportunidad de ser originales en el desarrollo y/o aplicación de ideas, a menudo en un contexto de investigación
C2	Que los estudiantes sepan aplicar los conocimientos adquiridos y su capacidad de resolución de problemas en entornos nuevos o poco conocidos dentro de contextos más amplios (o multidisciplinares) relacionados con su área de estudio
C3	Que los estudiantes sean capaces de integrar conocimientos y enfrentarse a la complejidad de formular juicios a partir de una información que, siendo incompleta o limitada, incluya reflexiones sobre las responsabilidades sociales y éticas vinculadas a la aplicación de sus conocimientos y juicios

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
XERAIS DA MATERIA Poden informar por escrito sobre a clasificación, a terminoloxía e a descrición das alteracións da lecto-escritura. Son capaces de recoñecer e discriminar os trastornos específicos da linguaxe escrita e as dificultades de lectura. Poden informar sobre os principios xerais da avaliación e diagnóstico nas alteracións da lecto-escritura. Son capaces de seleccionar e aplicar as técnicas de avaliación e diagnóstico máis apropiadas para avaliar a aprendizaxe lecto-escritor. Poden describir os procesos cognitivo-lingüísticos implicados na actividade de lectura. Son capaces de realizar este tipo de avaliación no caso de nenos con deficiencia auditiva. Poden reflexionar sobre o estado do coñecemento no ámbito da avaliación da lecto-escritura, os seus problemas e perspectivas.	AJ3	BJ3 BJ4	CJ1 CJ2 CJ3

Contents

Topic	Sub-topic
Introdución: Bases teóricas para a avaliación da lectura nas persoas con xordeira	Modelos
Tema 1. As persoas xordas e a lingua escrita Tema 2. Estratexias de lectura e escritura das persoas xordas Tema 3. Fonoloxía e aprendizaxe da lectura en persoas xordas	Características



Tema 4. Propostas para a avaliación da lectura do alumnado con xordeira no ensino obrigatorio	<p>4.1. Nivel de lectura dos estudantes con xordeira no ensino obrigatorio.</p> <p>4.2. Estratexias que utilizan no acceso á lingua escrita.</p> <p>4.3. Diferenzas entre os estudantes oíntes, xordos con e sen axudas técnicas.</p> <p>4.4. Propostas de avaliación e intervención.</p>
Tema 5. A educación inclusiva do alumnado con xordeira: precisións lingüísticas e metodolóxicas	<p>5.1. Linguas orais, linguas de signos e linguas escritas. ¿En que lingua/s ensinamos?</p> <p>5.2. A competencia comunicativa do alumnado con xordeira (L1/L2). ¿En qué lingua/s avaliamos?</p> <p>5.3. O ensino da lectoescritura ao alumnado xordo. ¿Cómo podemos facilitar o proceso?</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	C3	6	20	26
Directed discussion	B3 C1 C2	4	8	12
Workshop	A3 B3 B4	6	20	26
Student portfolio	C1 C3	5	15	20
Objective test	A3 C1 C2	2	10	12
Supervised projects	A3 B4 C1 C2	8	35	43
Guest lecture / keynote speech	A3 C3	6	0	6
Personalized attention		5	0	5

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas
Directed discussion	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a
Workshop	A materia considera a realización de prácticas na aula. Estas realizaranse en formato de taller.
Student portfolio	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondientes a cada clase deberán ser incluídos no seu portafolio. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realízanse durante o curso.
Objective test	Ao finalizar cada cuadrimestre os estudantes realizarán unha proba de avaliación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avalíaranse conxuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudantes entregaráselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquelas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na avaliación do estudante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.



Supervised projects	Os estudantes non realizarán por cuadrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un titor responsable. A relación de estudantes e tutores responsables comunicárase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao titor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuadrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudantes, coa orientación do seu titor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudos. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumprir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuadrimestre
Guest lecture / keynote speech	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo: Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario. Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo. No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia

Personalized attention

Methodologies	Description
Student portfolio Supervised projects	As profesoras da materia guiarán aos estudantes acerca dos contidos que se deben incluír no portafolio, así como na elaboración do traballo tutelado, tratando de solventar todas as dúbidas xurdidas no proceso de elaboración dos mesmos. A atención personalizada aos estudantes desenvolverase nas horas de titoría correspondentes a cada docente.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A3 C3	Presentaranse os contidos de cada tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estén planificadas	10
Workbook	C3	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas	10
Directed discussion	B3 C1 C2	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, abríndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a	10



Student portfolio	C1 C3	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondientes a cada clase deberán ser incluídos no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso	40
Objective test	A3 C1 C2	Os estudantes realizarán unha proba obxectiva ao finalizar o cuatrimestre, na que deberán responder a un máximo de 30 preguntas con tres alternativas de resposta, donde só unha é correcta	10
Supervised projects	A3 B4 C1 C2	Os estudantes deberán realizar un traballo académico relacionado cos contidos coa finalidade de valorar á adquisición das competencias fixadas na materia	20

Assessment comments

A avaliación será continua e incluíra unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudantes nun portafolios por materia. Nel os estudantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolio estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, nos créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a imparten. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolio. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes: Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10% Realización de lecturas e traballos tutelados: 30% Nivel de rendemento madurez demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

Tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016), o alumnado que ten recoñecida a condición de estudante a tempo parcial terá que asistir ás titorías que así se estipulen de acordo a súa dispoñibilidade para concretar a metodoloxía de avaliación e os porcentaxes correspondentes. En todo caso, malia que o traballo se realice dun xeito individual, deberá realizar as mesmas tarefas que os compañeiros.

No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento"

Sources of information



<p>Basic</p>	<p>-BRADY, Susan A. y SHANKWEILER, Donald P. (1991) Phonological Processes in Literacy. LEA -BRAVO VALDIVIESO, Luis (2004) La conciencia fonológica como una posible ?zona de desarrollo próximo? para el aprendizaje de la lectura inicial. Revista Latinoamericana de Psicología, 36, 21-32 - COUNCIL OF EUROPE (2001) Common European Framework of Reference for Languages: Learning, Teaching, Assessment. Strasbourg: Council for Cultural Cooperation Education Committee Language Policy Division. Traducción al español del Instituto Cervantes (2002). Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas: aprendizaje, enseñanza y evaluación. Madrid: Secretaría General del MECD, Subdirección General de Información y Publicaciones y Grupo ANAYA, S.A. - CUETOS VEGA, Fernando. (2008). Psicología de la lectura. Madrid: Wolters Kluwer (7ª ed.) -CRUZ, A. (2001) El TEL y la dislexia ¿una relación causa-efecto? En Elvira Mendoza (coord.): Trastorno específico del lenguaje. Madrid: Pirámide -DEFIOR, Sylvia y SERRANO, Francisca (2011) La conciencia fonémica, aliada de la adquisición del lenguaje. Rev. de Logopedia, Foniatría y Audiología, 31, (1):2-13 -FERNÁNDEZ, Mari Luz, PERALBO, Manuel., MAYOR, Mª Angeles, ZUBIAUZ, Begoña, y TUÑAS, Alejandro (2008) Efectos del Sistema de Reconocimiento de Voz en los inicios del aprendizaje de la lectura Estudios de desarrollo del lenguaje y educación, 32, 349-356 . Aula Abierta: Universidad de Oviedo ICE - SÁNCHEZ MIGUEL, Emilio (1999). ¿Qué es el lenguaje escrito?. En C. Velasco y A.B. Domínguez (coords.) Lenguaje escrito y sordera : enfoques teóricos y derivaciones prácticas. Universidad Pontificia de Salamanca: Servicio de Publicaciones, 21-46.</p>
<p>Complementary</p>	<p>- ALEGRÍA, Jesús y DOMÍNGUEZ, Ana Belén. (2009). Los alumnos sordos y la lengua escrita. Revista Latinoamericana de Educación Inclusiva, 3, 95-111 - BÁEZ MONTERO, Inmaculada C. (2015) y María C. BAO FENTE (2015). ¿La implantación del Portafolio Europeo de las Lenguas en lengua de signos: Desde Galicia hasta Europa?. En I.C. Báez y H. Otero (eds.). Buscando respuestas en lengua de signos. Lugo: Axac, pp. 53-65 -BAO FENTE, María C. e Inmaculada C. BÁEZ MONTERO (2020). Mi Primer Portafolio. Guía didáctica (versión multimodal). Madrid: MECD - Secretaría General Técnica, Subdirección General de Documentación y Publicaciones -DOMÍNGUEZ, Ana Belén (2011, 30 de abril). ¿Qué sabemos y qué deberíamos saber sobre la enseñanza-aprendizaje de la lengua escrita de los estudiantes sordos?, Leer.es. - PÉREZ, Isabel, SORIANO, Juana y DOMÍNGUEZ, Ana Belén (2010). Evaluación de la lectura en las personas sordas. En M. Carrillo Y A.B. Domínguez (coords.). Dislexia y Sordera: Líneas actuales en el estudio de la lengua escrita y sus dificultades. Málaga: Ed. Aljibe, 237-248 - QUADROS, Ronice MÜLLER DE y Magali L.P. SCHMIEDT (2006). Ideas para ensinar português para alunos surdos. Brasília: MEC, SEESP.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.